

Calendario de presentación dos Traballos Fin de Grao (TFG)_Curso 2019/20 Primeira Edición de Actas (xuño 2020)

1 de xuño (luns): data límite de entrega na Secretaría Virtual do *Informe de conformidade* da titora ou titor.

5 de xuño (venres): data límite para realizar o trámite virtual polo que o estudantado solicita a defensa oral do TFG na Secretaría Virtual. Hai que imprimir as dúas copias que xera o sistema e entregalas en Decanato no trámite seguinte.

8 de xuño (luns): data límite para que o alumnado entregue o TFG no Negociado de Asuntos Xerais da FFT (Decanato). Realizarase dobre entrega, en papel e mais en soporte electrónico.

En soporte papel:

- 3 copias do TFG para tribunal colexiado ou 1 copia do TFG para tribunal unipersoal
- 2 copias da solicitude de defensa oral xeradas na Secretaría Virtual

Toda a documentación achegada en papel inscribirse no Rexistro de entrada do Decanato.

En soporte dixital:

- 1 copia electrónica da versión final do TFG en PDF enviada a sdfft@uvigo.es. No asunto da mensaxe debe figurar TFG, a sigla do grao (GLE/GTI/GCLEL) e mais os apelidos do/a estudante. Exemplo: TFG GTI Pérez Pérez.

8 de xuño (luns): data límite para entregar o informe da/o titor/a de cada TFG (co seu visto e prace) no Negociado de Asuntos Xerais, en caso de tribunais colexiados. No informe, segundo o modelo da FFT, constará a nota proposta por quen titoriza o traballo (30% da cualificación total).

9 de xuño (martes): data límite para que o Negociado de Asuntos Xerais entregue a documentación (copias dos TFG e informes de titor/a) a quen exerza a secretaría de cada tribunal colexiado. No caso de tribunal unipersoal, entregaráselle a copia do TFG ao titor/a.

10 de xuño (mércores): data límite para que a secretaría de cada tribunal colexiado ou o titor/a dos tribunais unipersoais comuniquen as datas e horas de defensa pública de cada TFG no Negociado de Asuntos Xerais. Estas datas publicaranse no taboleiro do Decanato e no espazo FAITIC da materia TFG do título correspondente.

11 de xuño (xoves): o Negociado de Asuntos Xerais comunica as datas e horas previstas para a defensa de cada TFG.

15-19 de xuño (luns-venres): datas previstas para as defensas públicas dos TFG fixadas polos tribunais colexiados e unipersoais.

24 de xuño (mércores): data límite para entregar no Negociado de Asuntos Xerais as actas das actuacións dos tribunais coas correspondentes propostas de cualificación. No caso de tribunal colexiado estas deberán estar desagregadas (30% titor/a e 70% tribunal).

26 de xuño (venres): remate do prazo para entregar na Secretaría Virtual e na Área de Grao (secretaría) as actas das actuacións dos tribunais colexiados e unipersoais coas correspondentes propostas de cualificación.